



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE OUTUBRO DE 2020

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/769/2020.- ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS, S. L.- Conceder licenza para executar O “Plan de despregue da rede FTTH Orange/Jazztel na cidade histórica de Santiago de Compostela Fase 1: rúa do Franco e rúa do Vilar, 34/84”, cun orzamento de execución material de **39.946,95 euros**.

LIC/350/2020.- Conceder licenza para construción de vivenda unifamiliar illada na parcela situada na rúa da Xunlla, 27.

LIC/1988/2019.- Conceder licenza para executar obras de construción de edificio de planta baixa, 4 plantas altas e baixo cuberta para 5 vivendas e locais na parcela situada na rúa Nova de Abaixo, 20.

LIC/135/2018.- Conceder a modificación da licenza de obras para rehabilitación de edificio de planta baixa (portal), tres plantas altas e planta baixo cuberta dun inmovible sito na rúa Travesa, 24 – 26.

SEGREGACIÓNS.-

LIC/721/2016.- Aceptar libres de cargas as cesións de viario formalizadas en escritura pública de data 17 de xuño de 2020 e conceder licenza para as actuacións de regularización de parcelas por división e agrupación en lugar de Albudiño, 18.

LIC/633/2020.- Aceptar libre de cargas a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder a licenza de segregación solicitada dunha parcela sita en rúa da Xunlla, 27.

OUTRAS PROPOSTAS

8.- Proposta da concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación do convenio entre o Concello e Turismo de Galicia para as festas do Apóstolo 2020. Apróbase o texto do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria SL e o Concello de Santiago para a colaboración nas festas do Apóstolo 2020. As actividades concretas obxecto do convenio son Cinema no parque, espectáculos pirotécnicos dos días 17 e 31 de xullo e os concertos de Aretha Soul Divas e Escuchando Elefants. O orzamento estimado para todas elas é de 97.700 euros. Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades anteditas cunha achega de 40.000 euros. Abanca colaborará nas

acción descritas cunha achega de 10.000 euros, en concepto de patrocinio. A vixencia do convenio será ate o 31 de decembro e non será prorrogable.

9.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio entre o Concello e o Padroado da Casa da Troia 2020. Apróbase o texto do citado convenio e a transferencia corrente ao Padroado da Casa da Troia por un importe de **5.000 euros**, que se destinará ao financiamento dunha parte do plan de actividades da entidade.

10.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio entre o Concello e a Fundación Rosalía de Castro. 2020. Apróbase o texto do citado convenio e a transferencia corrente á Fundación Rosalía de Castro por un importe de **5.000 euros**, que se destinará ao financiamento dunha parte do plan de actividades da entidade.

11.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio entre o Concello e o Museo do Pobo Galego. Apróbase o texto do citado convenio e a transferencia corrente ao Museo por un importe de **30.000 euros**, que se destinará ao financiamento dunha parte do plan de actividades da entidade.

12.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio entre o Concello e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester. 2020. Apróbase o texto do citado convenio e a transferencia corrente á Fundación Torrente Ballester por un importe de **10.000 euros**, que se destinará ao financiamento dunha parte do plan de actividades da entidade.

13.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á convalidación das actuacións levadas a cabo en concepto de aloxamento de persoas sen fogar, por mor das consecuencias do COVID-19. Apróbase a proposta e recoñécese as obrigas derivadas polos gastos a favor dun terceiro por importe de **900 euros**.

14.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á revisión e modificación do informe económico sobre a determinación do valor estimado do contrato de "Servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela" e do PCAP que rexe a licitación; aprobación do novo PCAP, e outros extremos. Acórdase:

1. Revisar e modificar, nos termos previstos na execución da resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), o informe económico que sustenta a determinación do valor estimado do contrato, orzamento de licitación e prezo do contrato.
2. Revisar e modificar o Prego da Causas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe a licitación, recollendo os novos termos do informe económico que se elabore.
3. Remitir o expediente rectificado a Asesoría Xurídica Municipal e a Intervención Municipal para a emisión dos correspondentes informes preceptivos
4. Aprobar en Xunta de Goberno un novo PCAP e publicar un novo anuncio de licitación con apertura dun novo prazo de presentación de proposicións. As empresas que presentaron oferta co anterior prego (ofertas que non foron abertas) poderán retirar esta e presentar, se o estiman oportuno, unha oferta conforme ás novas condicións.
5. Dar conta do actuado ao TACGAL.

15.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e a asociación para a promoción social e inserción laboral PLATAFORMA POLO EMPREGO. 2020. Apróbase o texto do citado convenio no que se recolle unha subvención nominativa por valor de **12.000 euros**, que se destinará ao financiamento do programa de inserción sociolaboral *Compostela Convive*, que incide, de xeito específico, nas persoas inmigrantes e nos/nas emigrantes retornados.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa á contratación da poxa dos obxectos perdidos na vía pública depositados na Policía Local. Apróbase a contratación da entidade SALA RETIRO SA, para a realización da citada poxa pública dos obxectos perdidos que foron valorados no informe emitido pola mesma entidade o 16 de decembro de 2016. A oferta é a seguinte: a empresa non cobra cantidade algunha pola prestación do servizo, leva a cabo a poxa e adquire o **10% do que consiga venderse polo prezo resultante da licitación.** O prezo do contrato, polo tanto, pode fixarse no 10% do importe da valoración dos obxectos. Ese dez por cento, IVE engadido, ascende a **616,98 euros.**

17.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á convalidación da ratificación da aprobación da addenda ao convenio de colaboración entre o Concello e o Consorcio da cidade de Santiago para a xestión do complexo deportivo FONTES DO SAR; e aprobación do gasto. Acórdase:

- Convalidar o acordo de 30 de decembro de 2014 de ratificación da aprobación da addenda ao convenio de colaboración, polo cal se modifica a cláusula quinta, que quedaría redatada do seguinte xeito: *“O concello de Santiago de Compostela faise cargo do Complexo Deportivo de Sar e responsabilízase da xestión, explotación e mantemento do mesmo, asumindo con cargo aos seus orzamentos os gastos que disto se deriven...”*
- Aprobar o gasto por importe de **80.792,84 euros**, correspondente ao presente ano, en cumprimento da citada Addenda ao convenio de colaboración, cláusula quinta.

18.- Aprobación da certificación de obra nº 23-Final da reurbanización da rúa Patio de Madres e Castrón D´Ouro. Apróbase a certificación da obra.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á recepción da obra de reurbanización do Parque da Finca do Espiño. Acórdase proceder a recibir as obras de reurbanización da finca do Parque do Espiño que dende o ano 2015 está en servizo e aberta ao público.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Mocidade relativa ao reaxuste de anualidades do servizo de xestión e programación de actividades do centro xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

Acórdase o reaxuste das seguintes anualidades quedando da seguinte maneira:

- Anualidade 2020: **47.805,59 euros** (cantidade anterior: 11.863,11 euros)
- Anualidade 2021: **114.733,41 euros** (cantidade anterior: 142.357,30 euros)
- Anualidade 2022: **66.927,82** (cantidade anterior: 130.494,19)

Con data 4 de novembro de 2019, a XGL aprobou o inicio do expediente configurándose como plurianual e co seguinte gastos:

- Anualidade 2019: 11.863,11 euros.
- Anualidade 2020: 142.357,30 euros.
- Anualidade 2021: 130.494,19 euros

O atraso na licitación do contrato determinou que esta distribución non se axustara á realidade do servizo, xa que finalmente a data de adxudicación tivo lugar o 4 de xuño de 2020, tendo lugar o inicio efectivo do servizo o 1 de agosto pasado.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á aprobación do expediente do "Servizo de dirección pedagóxica, docencia e organización dos diferentes programas educativos e das actividades da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela"; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Apróbase o citado expediente, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto establecéndose un tipo de licitación de 496.999,96 euros/ano, exento de IVE.

O importe resultante desta contratación satisfarase con cargo aos orzamentos do Concello de Santiago de Compostela, tramitándose como anticipado de gasto, xa que a prestación do servizo non se iniciará ata o vindeiro ano, e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no exercicio orzamentario 2021.

- Anualidade 2021: 496.999,96 euros.
- Anualidade 2022: 496.999,96 euros.
- Anualidade 2023: 496.999,96 euros.

22.- Proposta da alcaldía relativa á aceptación da subvención concedida ao Concello para a aula (CEMIT) de referencia do Plan de Inclusión Dixital de Galicia, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia 2020. Acórdase:

- Aceptar a subvención de 15.000 euros para o funcionamento da aula CeMIT, como aula de referencia, conforme á Resolución da Directora da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Que a aprobación do gasto quedará supeditada á habilitación de crédito, mediante correspondente modificación orzamentaria, en base ao compromiso de ingreso da subvención da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, por importe de 15.000 euros.

A citada subvención refírese ao 100% do custo de actividades da Aula CeMIT de Santiago, e non conlevará aportación propia por parte do Concello, nin implicará obrigas de contido económico.

23.- Proposta do Grupo Municipal Socialista relativa a súa representación no Consello Reitor do AUDITORIO DE GALICIA. Apróbase a proposta. Mercedes Rosón Ferreiro e Rubén Prol Mariño son os representantes do Grupo Municipal Socialista no Consello Reitor do Auditorio de Galicia.

24.- IIVTNU (Plusvalía): solicitude de beneficio fiscal-Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Estímase a solicitude presentada por un particular e concédeselle, ao abeiro da documentación presentada, unha bonificación do 95%.

25.- Dar conta da carta de agradecemento do Presidente de COGAMI pola cesión dunha parcela municipal. Dase conta.

26.- Dar conta de sentenzas. Dase conta das seguintes sentenzas:

- **Sentenza 471/2020, sobre o servizo de explotación do tren turístico.** Favorable ao concello e recorrible en casación. O TSX considera que se está ante unha competencia municipal, tanto como transporte público como turismo, sobre a que ademais existe unha reserva municipal do servizo. A empresa demandante alegaba que o prego “beneficiaba” a empresas nacionais, e dentro destas, ás galegas, pero o TXS responde que estas condicións non están reflectidas no prego, polo que son meras opinións sen fundamento obxectivo. O servizo adxudícase a través dun procedemento aberto, polo que se cumpren os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concorrencia competitiva.
- **Sentenza 087/2020, sobre responsabilidade patrimonial por danos en vivenda.** A sentenza é desfavorable para o Concello, ao considerar acreditado que a rotura dunha rede de abastecemento de auga na Rúa Entrepexigos causou os danos reclamados nunha vivenda.
- **Sentenza 464/2020, sobre imposición de multa coercitiva por non execución dunha orde de derruba.** A sentenza é favorable para o concello, recorrible en casación. O TSX acepta as alegacións municipais, rexeitando o recurso da persoa demandante. Entre os argumentos figura que a obra foi declarada ilegal e ilegalizable, e o interesado tivo tempo suficiente para executar a orde de derruba, sen facelo.

- **Sentenza 496/2020**, sobre execución de obras non amparadas por licenza e conseguinte derruba. A sentenza é favorable para o concello, recorrible en casación. O demandante/recorrente, tiña obtido licenza para a rehabilitación dunha vivanda. Executadas as obras foi obxecto de denuncia por un particular, incoándose expediente de disciplina que se resolveu instándoo a substituir un muro posterior construído con materiais modernos pola restitución do muro orixinal; e a presentar un proxecto emendado por un aumento de volumen. A pesares da posibilidade de legalización, o demandante centrou a súa demandan na impugnación das anteriores declaracións, demanda que foi rexeitada.
- **Sentenza 161/2020**, sobre trienios como persoal laboral indefinido non fixo. A sentenza é desfavorable para o concello, estimando as pretensións da persoa demandante, que non superan os 3.000 euros.
Sentenza 161/2020, sobre despido improcedente e readmisión como persoal laboral indefinido fixo. A sentenza é parcialmente desfavorable par ao concello, recorrible en suplicación. Estima o despido improcedente, polo que debe percibir unha indemnización, pero rexeita a declaración como persoal fixo.
- **Sentenza 87/2020**, sobre reclamación de responsabilidades patrimoniais por danos a consecuencia da conservación da rede de sumidoiros. A sentenza é desfavorable para Concello ao considerar acreditada a contía do dano e recoñece o dereito dos recorrentes a ser indemnizados.